

AS ESTAÇÕES


Maureen Fazendeiro, 2025

1695

ESTREA EN NUMAX: 09.03.2026 | V.O.S.E. | 83 min

Entretecendo relatos de traballadores rurais e notas de campo dunha parella de arqueólogos, imaxes de afeccionados e debuxos científicos, lendas, poemas e cancións, “As Estações” é unha viaxe a través da historia real e os contos do Alentejo e un retrato da xente que viviu alí.

O pase contará con coloquio en liña coa súa autora.



A propiedade da terra

Por Jorge Pereira Rosa

No seu discurso sobre a orixe e os fundamentos da desigualdade entre os homes (1755), Jean-Jacques Rousseau afirmaba que a sociedade civil nacera no intre en que alguén cercou un anaco de terra, declarou que lle pertencía e iso foi asumido polos demais. A partir dese xesto, di el, nacen os crimes, as guerras e a desigualdade, sendo a propiedade a semente orixinal da desorde humana. Esa idea gaña forza con Pierre-Joseph Proudhon (“a propiedade é un roubo”), inspirador dos movementos anarquistas, e Marx e Engels, creadores do pensamento comunista.

A propiedade é tamén a palabra-chave que define a máis recente incursión de Maureen Fazendeiro polo Alentejo, *As Estações*, un filme que parte da correspondencia entre arqueólogos alemáns e portugueses para construír un tratado sobre unha das rexións historicamente máis pobres do país, marcada por unha longa loita de clases. Filmado na zona de Redondo, o documental híbrido de Maureen recorre a postas en escenas ficcionais para evocar historias e mitoloxías transmitidas de xeración en xeración. A realizadora parte do estudo arqueolóxico da era megalítica, o período en que o ser humano deixa de ser nómade e inventa a noción do territorio e por tanto a propiedade da terra que, ao longo dos séculos, foi configurando as relacións sociais.

“En 2015 lin un artigo sobre o arquivo dos Leisner —Georg e Vera, un matrimonio de arqueólogos alemáns cuxas cartas ouvimos no filme— e fíquei fascinada” dixo Fazendeiro na estrea do filme no Doclisboa. “O artigo explicaba o seu traballo e centrábase nos monumentos megalíticos e no paso do nomadismo ao sedentarismo”. Segundo Maureen, “o filme naceu dunha pesquisa sobre arqueólogos, mais desde o inicio quixo mostrar tanto a realidade visible como a invisible —as lendas, as historias, o imaxinario ligado á paisaxe”. A realizadora, que encara o cinema documental como un espazo de invención, ve a arqueoloxía como un exercicio de imaxinación: “Os arqueólogos son grandes contadores de historias. Precisan de imaxinación para reconstruír o pasado a partir de fragmentos.”

Filmado en celuloide, o proxecto demorou oito anos en concretarse. Depois de ler o artigo en 2015, Maureen iniciou o proceso de escrita e investigación. A Covid-19 adiou en encareceu a produción, finalmente executada coa axuda de Francia e Austria, e o filme foi estreado en Locarno. “A escrita tivo moitas fases”, explicou. “Fixen investigación de campo e recollín historias. Por exemplo, ao Zico, que aparece no filme, coñecino na miña primeira viaxe ao Alentejo, en 2017. El xa me tiña contado historias e, co tempo, fun voltando a elas. Hai tamén unha parte feita con crianzas de Montemor. Visitamos dólmene e grutas, ouvimos historias das aldeas, e despois escribiron unha lenda colectiva. Cando voltei para filmar, xa estaban máis medrados e pedínlles que lesen o que tiñan escrito. Esa superposición de versións —as historias contadas, recontadas e reescritas— está no corazón do filme.”

Desde o inicio, Maureen pensou o filme como unha reflexión sobre o tempo e os ciclos. Orixinalmente estruturado en catro capítulos —un para cada estación do ano —, *As Estações* acabou por gañar unha forma circular durante a montaxe, feita en colaboración con Telmo Churro. E á cuestión da propiedade imponse tamén a resistencia da poboación, desde os tempos do bandoleiro Charro ao Estado Novo, cunha carta do matrimonio alemán a referir que, nunhas eleccións, Salazar apenas tivo 26 votos entre 3000 inscritos. E unha resistencia que viu nas cooperativas un futuro posible, pero que esmoreceu co regreso da propiedade aos seus “donos”.